

## **A Paco Martín**

### **O Escritor na súa Terra**

**Lugo, 25 de xuño de 2011**

Existe unha maneira formal de comezar un encomio, ou *laudatio*, cadaquén que o chame como queira. A estrutura xa nola deixaron os gregos, e co correr da historia coñeceu mil floreos, uns acertados e outros non tanto. Eu, que teño o privilexio e a responsabilidade de lle cantar as súas virtudes ao meu amigo Paco, por moito que o evito non logro separar a palabra *laudatio* de Ted Hughes, un demasiado fúnebre pero estupendo escritor en lingua inglesa, quen nos últimos compases da súa vida foi designado poeta laureado da coroa británica; estraña designación aquela que aínda máis estrañamente Hughes aceptou de bo grao; encargouse polo tanto de cadrar os poemas de vodas, aniversarios, bautizos e outras datas sinaladas dos mantidos reais británicos dende decembro de 1984 até o seu pasamento no outono de 1998. Os encomios de Hughes á raíña nai foron unha nova volta de campá no floreado e servil voo da loa discursiva, e son algo que eu, francamente, quero evitar a toda costa, de maneira que aviso xa que prescindirei de formalidades, que obviarei as regras básicas dos tratados de retórica e que apenas darei unhas poucas pinceladas pola traxectoria literaria de Paco Martín, traxectoria esta que por outra banda o lector galego da miña idade en diante debería cando menos coñecer no básico. Véxase Ramón Lamote, *No cadeixo*, o seu quefacer nos comezos da Nova Escola Galega, os libros de texto *Lúa Nova I e II*, *A bisneta lercha*, *O libro das adiviñas*, as *Muxicas no espello* etcétera etcétera.

Daquela, se prescindo de títulos e de anos e de premios e de señardades bibliográficas diversas —que as hai—, que queda?, de que falo? Falo do importante. Do Paco lugués. Do Paco Martín de alma limpa e mans ofrecidas que coñezo a través do meu pai, outro bo home co que leva aló vinte e tantos anos xogando a partida ao tute, puntualmente, cada semana. E as máis das veces seica gaña meu pai, por certo.

O Paco que eu coñezo é un home humilde e calmo, un tipo de principios, culto, penso que sereno, lúcido, conciliador, de palabra lenta e certa, de escrita habelenciosa e simple, clara, unha persoa que fuxe de protagonismos, que se rebela sempre contra a inxustiza cando a ve —contra o xenocidio lingüístico galego, por exemplo, por poñer un caso sangrante que nos toca a todos pero

non todos queremos afrontar; hai quen se comporta rastreiramente, hai quen mira para outro lado, que un aquel de rastreiro tamén ten, e hai quen porque é galego, de nacemento e convencemento, escribe e fala e comunica e vive en galego, caso de Paco—. É un señor ecuánime, ou cando menos fai por selo. Éo cando mira un partido de fútbol, cando le unha novela e cando escribe a súa columna para *El Progreso*. Tamén o é cando, de igual a igual, lareta cun cativo, e mesmo cun adolescente —cousa nada doada—, e incluso cando cala a boca por discreción e saber estar. A min Paco éme especialmente querido, á vista está.

O pasado 22 de febreiro o homenaxeado fixo 71 anos, eu aínda vou facer os 28 en xullo, e malia me dobrar Paco folgadoamente a idade, a súa mente goza dun frescor que xa o quixeran para si pastas dentífricas e iogures naturais. Paco Martín é roxo como madeira de buxo, e adáptase. Adáptase rematadamente ben aos cambios sociais, aos tecnolóxicos, aos literarios e algo peor, pero tamén, aos gastronómicos. Aínda non van dous meses des que volveu dunha tournée por Terras de Burgos, onde deixou metade da pensión en restaurantes, e ben a gusto. En fin, que se sabe adaptar, o cal é importante.

'O escritor na súa terra', unha boa iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ten nesta edición número XVII un protagonista que non podía estar máis ligado nin co seu país nin co seu lugar, con esta cidade vella, bretemosa e moi bonita que é Lugo. No papeliño que repartiu a asociación, o texto impreso comeza da seguinte maneira:

Sabido é que as poboacións cativas —e quizais tamén as outras— teñen sempre alguén que vén ser a representación viva das rúas, xardíns e edificios, alguén que encarna a alma de pedra e cemento que as conforma. A Paco Martín correspondeulle neste tempo esa responsabilidade e el sóboa aceptar sen reparo e fai por levala coa ledicia e dignidade precisas.

Deixando a un lado que o texto é un plaxio evidente do comezo do Ramón Lamote —tanto é así que o único que varía son os antropónimos: onde puña Ramón agora pon Paco—, o certo é que o enunciado non podía resultar máis acaído; nin para o Lamote nin para o Paco Martín. Sen ser mencionada de forma directa, a cidade de Lugo é o cabaleta no que o homenaxeado soporta os seus lenzos de palabras.

Finquémoslle agora o dente á historia: os paleoclimatólogos, grazas á variación de factores tal que a enerxía de radiación solar, a composición e dinámica da atmosfera ou os movementos

planetarios, son capaces hoxe de deducir e de nos explicar como foi o clima no pasado. O noso pasado interésanos, e por iso, de igual xeito que contamos con expertos paleoclimatólogos, contamos tamén con paleontólogos, paleoantropólogos, paleo-oceanógrafos, paleohistoriadores ou paleolingüistas, e seguro que non han tardar en espontar os paleoteóricos da Literatura. Cando estes últimos cheguen, e como serán moi listos e moi botados para diante, caerán seguro na tentación de querer explicar todo a través dos libros, explicar por exemplo como era a vida nas cidades primitivas —nas nosas cidades—, e para conseguilo recorrerán ás grandes figuras literarias que para daquela sigan a ser reeditadas (presumo que en tinta dixital, nada de papel). Nese futuro de paleoexpertos, o teórico que se achegue á obra de Paco Martín para coñecer como viviamos no Lugo de finais do XX e comezos do XXI, acertará de pleno. De feito, se se cingue aos personaxes que Paco lle facilita estará a lles transmitir aos seus coetáneos unha historia por veces máis real ca a propia versión oficial. Na miña opinión, hai un claro pouso humanista na escrita de Paco que debuxa a un tempo as peculiares corruptelas locais e a esencia dunha sociedade tan desconfiada como entrañable. As descrições de xentes, calellas, fontes e bares flúen cunha maxia case cunqueiriana que nos permite aos veciños e veciñas do escritor recoñecer o que é de noso, recoñecer Lugo, a nosa fala, os nosos modismos, as nosas virtudes e os nosos moitos defectos. Ser capaz de trasladar todo isto cunha narrativa sinxela é ser un Escritor, con maiúsculas.

En fin, que temos home e temos artista. Xa logo, e en vista de que hai home para moitos anos, mellor ha ser que garde parte das gabanzas para unha vindeira ocasión e aproveite para ir pechando a parolada.

Paco, que goces deste día tanto ou máis ca nós, os que te coñecemos e te queremos ben.

*Vai sendo todo. Graciñas e bo día.*

Alejandro Tobar